DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DOS GRUPOS PROVINCIAIS P.P, PSDG-PSOE, B.N.G, MAREA ATLÁNTICA, COMPOSTELA ABERTA, E ALTERNATIVA DOS VECIÑOS EN RELACIÓN CO ATAQUE CON ARMAS QUÍMICAS ACONTECIDO EN SIRIA O 4 DE ABRIL DE 2017

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Convención sobre Armamento Químico, legalmente denominada "*Convención sobre a Prohibición do Desenvolvemento, Produción, Almacenamento e Uso de Armas Químicas e sobre a súa Destrución*" foi asinado en 1993 e está vixente desde o 29 de Abril de 1.997. Complementa e amplía o coñecido como *Protocolo de Xenebra* de 1925. Sobre esa base, ratificada por todos os Estados intervintes no conflito sirio, agás Israel, o bombardeo aéreo con armamento químico do pasado 4 de abril de 2017, probablemente con gas sarín, sobre a poboación civil indefensa da cidade siria de Jan Seihunj, non pode cualificarse máis que como un gravísimo crime de guerra, unha acción inxustificable e ilegal na cal morreron máis de 80 persoas, das que cando menos 11 eran nenos e nenas de moi curta idade.

A nosa máis firme condena por este acto de barbarie non pode levarnos a dar por boas e acreditadas as sospeitas de que tal acción criminal foi responsabilidade do Goberno ditatorial de Bachar el Asad ou de Rusia. Por moi cribles que parezan as sospeitas, sen unha investigación contrastada e independente, e sen o respaldo do Consello de Seguridade das Nacións Unidas, non se pode considerar lexítimo un ataque unilateral por parte doutro Estado, actuando como represalia. Tal acción, aínda que tivera lugar sobre un obxectivo militar, vulnera o dereito internacional e repite, lamentablemente, as actuacións ilegais e inxustas que aconteceron en 2003 sobre Iraq, co pretexto da existencia de armas de destrución masiva en poder de Sadam Husseim, que logo resultaron absolutamente falsas.

Siria, como sabemos, sobre todo a súa poboación civil, leva sufrindo unha guerra terrible desde hai máis de 6 anos, con múltiples actores non sempre identificados e identificables, na cal o país está practicamente destruído, as persoas mortas e feridas cóntanse por centos de milleiros e as refuxiadas por millóns, moitas delas malvivindo ás portas dunha Europa insensible que renunciou aos valores da solidariedade, da acollida ou do asilo.

Pola súa banda, dúas grandes potencias mundiais, Estados Unidos e Rusia, están levando a cabo un proceso de rearme e intervención militar que xa case se pode cualificar de escalada armamentista. Se a segunda interveu militarmente en Siria e Ucraína, e con certa frecuencia realiza vós militares inidentificados nos límites do espazo OTAN, a primeira bombardeou o 13 de abril Afganistán coa bomba non nuclear máis potente do mundo, supostamente enviou unha escuadra naval ao mar de Xapón, e realizou ensaios de dispositivos termonucleares o 14 de abril. Segundo varias fontes, ambas están aumentando os seus arsenais estratéxicos no que podería ser un incumprimento do Tratado SORT e do Tratado de Non Proliferación Nuclear.

O incremento dos orzamentos nacionais en armamento –como o demandado polos Estados Unidos e seguido ao pé da letra polos países membros da OTAN, incluída España; ou o de China, con incrementos de dous díxitos no seu orzamento militar; ou o da India, entre outros países- e ás actuacións á marxe da legalidade internacional comentadas antes, non fan precisamente un mundo máis seguro, senón todo o contrario.

Por todo isto, os grupos provinciais propoñemos:

1.- Manifestar publicamente a máis enérxica repulsa pola utilización ilegal de armamento químico en calquera conflito bélico, nomeadamente en Siria, e solicita unha investigación rigorosa e independente sobre a súa procedencia e a condena dos culpables conforme ao Dereito Internacional; ao tempo que rexeita de forma decidida as intervencións unilateriais de calquera Estado sen o respaldo das Nacións Unidas. A Deputación Provincial de A Coruña demanda o remate definitivo das intervencións bélicas e a apertura de vías de diálogo e de entendemento entre as partes en conflito co obxecto de atopar unha solución negociada, xusta e duradeira para toda a rexión.

2.- Manifestar a oposición a que o territorio do Estado sexa utilizado, activa ou pasivamente, para intervir en accións de guerra que vulneran o Dereito Internacional.

3.- Instar ás administracións públicas con competencias en materia educativa, así como aos grupos políticos e entidades sociais que intentan alcanzar un pacto educativo, a reforzar os currículos en materia de Educación pola Paz e a Nonviolencia, como xeito de promover a resolución non violenta dos conflitos e instalar a necesidade da convivencia pacífica entre as persoas e os pobos.

A Coruña, 24 de abril de 2017

Julio Sacristán de Diego
Portavoz do Grupo PSdG-PSOE

Xosé Regueira Varela
Portavoz do Grupo do BNG

Agustín Hernández Fdez de Rojas
Portavoz Grupo Partido Popular

Daniel Díaz Grandío
Portavoz do Grupo da Marea Atlántica

Manuel Dios Diz
Portavoz Grupo Compostela Aberta

Ángel García Seoane
Portavoz do Grupo Alternativa dos Veciños